

Volve o debuxo á cidade, cun conxunto de actividades organizadas polo **Concello de Santiago e Compostela Ilustrada** nas que se mesturan ilustración e feminismo, grazas a unhas convidadas de primeiro nivel que reflexionarán sobre «A conciencia do debuxo».

Nesta **Edición Primavera**, visitaranos catro artistas que, a través da ilustración, o debuxo e o cómic, crearon traballos reivindicando o papel da muller no pasado e no presente. Todas elas son autoras de textos e imaxes en diferentes publicacións nas que plasman a súa visión de situacións que necesitaban saír á luz. No encontro falarán de esas obras, da súa maneira de afrontalas, e do debuxo como o seu medio de expresión. Tamén de como as mulleres dentro do mundo das artes están a gañar terreo e cada día son máis as obras que levan firma en feminino, o que consegue que as temáticas que se tratan nelas sexan realidades, moitas veces, agochadas ou silenciadas. **Paula Bonet, Ana Penyas, Inma Otero, Ana Moreiras** e a nosa directora **Maru Godas** compartirán co público conferencias, obradoiros e presentacións de libros do 5 ao 8 de maio.

NORMAS

- Todas as actividades son gratuítas, previa inscrición na páxina edicionprimavera.compostelailustrada.com
- As actividades están destinadas a persoas maiores de 18 anos.
- Non se poderá acceder a ningunha actividade sen estar rexistrado.
- Será obrigatorio o uso de máscara sanitaria. Gardarase a distancia de seguridade e disporase de xel hidroalcohólico en todas as actividades.
- Cada participante traerá o seu propio material de debuxo.
- Prégase chegar con 5 minutos de antelación.
- Unha vez formalizada a inscrición, recibirá un correo electrónico de confirmación. No caso de non poder asistir, pregamos que o comunique para deixar libre a praza para outra persoa.
- A actividade de debuxo de mural de Maru Godas realizarase nos soportais do Museo das Peregrinacións. Non precisa reserva por ser ao aire libre, aínda que si se manterá a distancia de seguridade.
- Para calquera dúbida, contacte connosco en: info@compostelailustrada.com


APÚNTATE EN

<http://edicionprimavera.compostelailustrada.com>



MARUGODAS

Formada na escola IDEP de Deseño e na Escola d'Arts i Oficis Llotja de Barcelona. Funda o seu propio estudio no que ofrece servizos de deseño e ilustración e traballa para editoriais como Planeta, RBA editores, *National Geographic*, *La Vanguardia*, *El Periódico de Catalunya*... En 2014 comeza a súa relación co debuxo urbano, de aí as súas colaboracións como instrutora en simposios de Urban Sketchers. É autora do libro *Belleza Orgánica*, e directora desde o ano 2019 do *Encuentro Internacional de Cadernos de Viaxe Compostela Ilustrada*. <https://marugodas.com>



PAULABONET

Licenciada en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia, completa a súa formación en Santiago de Chile, Nova York e Urbino. O seu traballo céntrase na pintura ao óleo, o gravado e a escritura. Realizou exposicións por todo o mundo, e é autora de varias publicacións, entre elas, o seu derradeiro libro *La Anguila*. En 2018 recibe a Medalla ao Mérito Cultural da Generalitat Valenciana. Desde entón dirixe o taller La Madriguera, un espazo de creación e aprendizaxe no que se desenvolven técnicas vinculadas co grafismo e a literatura. <https://www.paulabonet.com>

INMAOTERO

Doutorada en Artes Visuais e Educación e licenciada en Belas Artes na especialidade de Deseño e Gravado pola Universidade de Sevilla, centra a súa actividade investigadora arredor de temas como a cultura de consumo, os imaxinarios sociais e os procesos de feminización. Na actualidade traballa como profesora e desenvolve proxectos de investigación e xestión cultural, ademais de formar parte do equipo da organización das xornadas XOy1 e dirixir o Garabato Fest. <http://www.inmaotero.com>

ANAPENYAS

Diplomada en Deseño Industrial e graduada en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia, o seu grafismo combina a transferencia fotográfica co debuxo, creando unha estética entre o documental e o expresivo. En 2018 foi galardoada co premio á autora revelación nacional no Salón do Cómic de Barcelona e co Premio Nacional de Cómic pola súa novela gráfica *Estamos todas bien*. Publicou diversos álbums ilustrados entre os que destacan os dedicados á memoria histórica. Acaba de presentar o seu segundo cómic, titulado *Todo bajo el sol*. <http://www.anapenyas.es/>

ANAMOREIRAS

Licenciada en Físicas pola Universidade de Santiago e mestra de Tecnoloxía, a súa paixón polo debuxo levouna a converter a súa afección nun medio de expresión. Formou parte do proxecto «Escavando no noso pasado», enmarcado no plan *Somos historias* creado con motivo do Ano Europeo do Patrimonio Cultural, no que se encargou de ilustrar distintos xacementos arqueolóxicos da provincia de Pontevedra. Como autora, escribiu e debuxou a novela gráfica *Madialeva*, sobre as mulleres da Terra Chá. <http://anamoreiras.eu>

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Auditorio do Museo das Peregrinacións e de Santiago Praza das Praterías

Mércores 5 de maio. Durante todo o día
O mural ilustrado por Maru Godas
Homenaxe a Xela Arias. Día das Letras Galegas
Soportais do Museo das Peregrinacións

Xoves 6 de maio. De 10:00 a 13:00 h
O mural ilustrado por Maru Godas
Homenaxe a Xela Arias. Día das Letras Galegas
Soportais do Museo das Peregrinacións

Xoves 6 de maio. De 16:15 a 17:00 h
Coñecendo a Paula Bonet

Xoves 6 de maio. De 18:00 a 19:00 h
Conferencia «A anguía. Isto é un cadro, non unha opinión» con Paula Bonet

Xoves 6 de maio. De 19:30 a 20:15 h
Presentación do libro La Anguila de Paula Bonet
a cargo de Mercedes Corbillón
En colaboración coa Librería Cronopios

Venres 7 de maio. De 10:00 a 12:00 h
O mural ilustrado por Maru Godas
Homenaxe a Xela Arias. Día das Letras Galegas
Soportais do Museo das Peregrinacións

Venres 7 de maio. De 16:15 a 17:00 h
Coñecendo a Ana Penyas

Venres 7 de maio. De 18:00 a 19:00 h
Obradoiro de colaxe e debuxo «Construír unha veciñanza» con Ana Penyas

Venres 7 de maio. De 19:30 a 20:15 h
Presentación do libro Todo bajo el sol de Ana Penyas

Sábado 8 de maio. De 11:00 a 11:45 h
Coñecendo a Inma Otero

Sábado 8 de maio. De 12:15 a 14:00 h
Obradoiro de debuxo con modelo «Un corpo sen presenza» con Inma Otero

Sábado 8 de maio. De 16:30 a 17:30 h
Obradoiro de cómic «Etiquétame. Unha experiencia con viño» con Ana Moreiras
En colaboración con Galicia Calidade

Sábado 8 de maio. Ás 18:00 h
Mesa redonda A conciencia do debuxo
Participan: Inma Otero, Ana Penyas e Ana Moreiras
Moderada por Maru Godas



DIRIXIDO POR **MARU GODAS**
PAULA BONET ANA PENYAS
INMA OTERO ANA MOREIRAS
ORGANIZADO POR **GEMMA SESAR**

EDICIÓN
PRIMAVERA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
DO 5 AO 8 DE MAIO de 2021

COMPOSTELA

ILUSTRADA

A CONCIENCIA DO DEBUXO

ORGANIZAN

CONCELLO DE SANTIAGO



COA COLABORACIÓN DE

